

ELECCIÓN A O CONSELLO ESCOLAR

PROFESORADO

CONVOCATORIA

De acordo coa *Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG 18/09/2024)*, a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR PROFESORADO**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme á normativa vixente, corresponde elixir no presente proceso electoral a **catro docentes**, dun total de sete que debe ter o Consello Escolar.
2. O censo electoral do profesorado está exposto na Secretaría do centro a partir do día 30 de outubro. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día 6 de novembro.
3. As candidaturas correspondentes poderanse presentar do 30 de outubro de 2024 ao 11 de novembro (ata as 13:00 horas) mediante formulario normalizado dispoñible na Secretaría e/ou na web do centro.
4. A mesa electoral estará integrada pola directora do centro, que actuará como presidenta, e os/as docentes de maior e menor idade, actuando este/a último/a como secretario/a.
5. Na papeleta de votación cada docente fará constar un máximo de **tres** nomes da lista de candidatos/as presentados/as. O voto será directo, secreto e non delegable (nin por correo).
6. Convocarase Claustro informativo de carácter extraordinario o día 12 de novembro de 2024 co fin de dar cumprimento ao artigo 35 do Decreto 92/1988 do 28 de abril, que establece *"A directora do centro procederá a convocar o Claustro para dar lectura ás normas deste Regulamento no relativo ao procedemento de elección dos representantes dos profesores no Consello Escolar, así como á relación de candidatos proclamados como tales pola xunta electoral. Nesta sesión fixarase a data de celebración do Claustro de carácter extraordinario, que terá como único punto da orde do día a elección de representantes dos profesores no Consello Escolar"*.
7. A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Ponteceso, 28 de outubro de 2024

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL

Asdo.: Clara I. Regueira Villar